



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, CON CARÁCTER TEMPORAL E POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL MOTIVADA Á SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO.**

### PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura con carácter interino e a tempo completo, de unha praza de Traballador/a Social existente na plantilla de persoal laboral deste Concello, motivado á necesidade urxente da xestión do Departamento de Servizos Sociais por mor da baixa da traballadora responsable, con categoría equivalente ó Grupo A2 para un funcionario.

### SEGUNDA: NORMATIVA APLICABLE.

Esta oposición rexerá polas presentes bases. Para todo o non previsto nelas, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

### TERCEIRA: FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO.

#### Funcións:

- Articular as relacións do centro co exterior.
- Coordinación das unidades de traballo social do centro.
- Coordinación de programas e proxectos que se van desenvolver.
- Representar tecnicamente a área de servizos sociais
- Dirección de recursos humanos.
- Deseño da estrutura organizativa da área.
- Deseño e planificación de programas.
- Avaliación de programas.
- Análise e desenvolvemento normativo e de criterios de valoración de cada un dos programas.
- Negociación técnica de concertos.
- Relación con outras institucións.
- Responsable do funcionamento do departamento.
- Dirección do equipo técnico
- Elaboración do equipo técnico
- Elaboración da memoria anual de actividades do departamento.
- Elaborar propostas técnicas ó Concelleiro/a delegado da área
- Definición da tarefa e funcións dos distintos profesionais
- Elaboración dos instrumentos de sistematización de información (soporte documental)
- Supervisión e apoio ós profesionais dos distintos programas
- Recoller as necesidades de formación e reciclaxe do equipo
- Xestionar os recursos necesarios para o desenvolvemento das distintos programas.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

- Avaliación da xestión económica dos concertos e recursos municipais

### Programas:

- Información, valoración e Orientación.
- Funcións xerais

### Familia e convivencia:

- Prevención e inserción social.
- Atención e canalización das demandas da zona de actuación hacia os recursos apropiados.
- Coñecemento dos recursos existentes,
- Valoración da demanda individual ou colectiva.
- Coñecemento e estudo das necesidades existentes, se é o caso, na zona de actuación.
- Estimular e favorecer o proceso de adquisición de hábitos sociais, tanto a nivel individual como comunitario.
- Xestión de recursos e prestacións.
- Detección de voluntariado nas zonas de influencia.
- Realizar propostas de prestación e actuación ó responsable da departamento.
- Seguimento das intervencións realizadas.
- Información, asesoramento e apoio na área de competencia a grupos constituídos na comunidade.
- Avaliación das necesidades globais da zona en relación coas prestacións que se xestionan
- Apoio na planificación e avaliación de programas.
- Conexión con entidades públicas e privadas, con ou sen ánimo de lucro, que teñan relación coas prestacións ou sexan titulares de recursos para utilizar.
- Apoio e seguimento de casos nos distintos programas de intervención.
- Deseño e execución de proxectos e actividades de intervención familiar que permitan aumentar os hábitos e competencias propios de grupos familiares en situación de risco.
- Detección de necesidades no ámbito familiar.
- Colaboración en deseños de novas proxectos, aportando coñecementos propios da súa área de atención.
- Visitas domiciliarias de comprobación, seguimento e apoio.
- Emisión de informes sociais, individuais ou colectivos.

### CUARTA: TIPO DE CONTRATO.

1.- O contrato será de duración determinada a xornada completa por interinidade para substituír a traballadores con dereito a reserva de posto de traballo, e a contratación farase ó amparo do disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

2.- As retribucións serán as correspondentes á praza segundo o especificado no orzamento xeral do Concello de A Illa de Arousa para o ano 2014.

### QUINTA: CONDICIÓN XERAIS DOS ASPIRANTES.

a) Ser cidadán da Unión Europea, ou de non selo, posuír o permiso de traballo necesario ou estar excluído de dita obrigaón; todo isto de acordo co establecido na Lei Orgánica



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

14/2003, de 20 de novembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e á súa integración social.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade prevista para a xubilación forzosa.

c) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica de Diplomado ou titulación equivalente en Traballo Social.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado ou suspenso para o exercicio de funcións públicas.

e) Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

g) Ter ingresado na conta bancaria ES49 2080 5039 9031 10006992 a cantidade de 5,00 euros fixada como dereitos de exame na ordenanza municipal fiscal reguladora.

Todos os requisitos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

### SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- A solicitude para tomar parte no presente proceso selectivo formularase segundo o modelo que figura como Anexo II á presente convocatoria, dirixirse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas.

Poderán así mesmo presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Conforme a este precepto se as solicitudes se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer seladas e datadas polo funcionario de correos.

Aqueles aspirantes que presenten a solicitude nun rexistro distinto ó do Concello de A Illa de Arousa deberán enviar un fax ó número 986528700 indicando tal circunstancia.

A instancia acompañarase inescusablemente de fotocopia de:

- DNI.
- Titulación que dá acceso á participar na convocatoria.
- Currículum detallado.
- Documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego, no seu caso.
- Xustificación do pagamento da taxa.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partir do seguinte ó de publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada de Galicia, e as Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de A Illa de Arousa.

### SÉTIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano convocante dictará unha Resolución no prazo máximo de 3 días, sin perxuício das ampliacións que no seu caso procedan, declarando aprobada a correspondente lista de admitidos e excluídos.

Na mesma resolución determinarase a designación do tribunal de selección e o lugar e data para a celebración do primeiro exercicio. Dita Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de A Illa de Arousa. Se dende un primeiro momento non existise ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as.

2.- Noutro caso os aspirantes disporán dun prazo de 3 días naturais, contados a partires do seguinte o de exposición da citada Resolución, para subsanar o defecto que tivera motivado súa exclusión ou omisión.

3.- Contra dita Resolución poderase interpoñer recurso nos mesmos termos que os reflectidos para a presente convocatoria.

### OCTAVA: COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- A composición do Tribunal de selección axustarase ó disposto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: O Secretario-Interventor do Concello.
- Vocais: Tres traballadores/as da rama de servizos sociais.
- Secretario/a: Un traballador municipal.

Os membros do Tribunal seleccionador deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

O Tribunal de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, ca asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

2.- Os membros do Tribunal seleccionador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

3.- O Tribunal de selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomarlos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

4.- As indemnizacións por asistencia como membros do Tribunal seleccionador faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

### NOVENA: PROCESO DE SELECCIÓN.

Consistirá na realización de dous exercicios:

A) Primeiro exercicio, de carácter práctico: Consistirá na realización dun exercicio de tipo práctico relacionado cas funcións a desempeñar, e cúa superación será necesaria para realizar o seguinte exercicio.

Este exercicio se puntuará de 0 a 10 puntos, sendo competencia do Tribunal o establecemento da nota mínima para a súa superación así como o tempo para o seu desenvolvemento.

B) Segundo exercicio, de carácter teórico: Consistirá en respostar a un exame de dez preguntas curtas que versarán sobre as materias sinaladas no temario do Anexo I das presentes bases. Este exercicio se puntuará de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar alomenos 5 puntos para a súa superación, sendo competencia do Tribunal o establecemento do tempo para o seu desenvolvemento.

A puntuación final virá determinada pola suma obtida nos dous exercicios.

En caso de igualdade de puntuación final dos aspirantes, resolverase pola puntuación obtida na primeiro exercicio. Se persiste a igualdade, resolverase por sorteo.

O Tribunal de selección efectuará proposta de nomeamento a favor do candidato que obtivera a maior puntuación, non podendo en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó da praza convocada no proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Dita proposta elevarase ó órgano competente para que proceda, no seu caso, ó correspondente nomeamento ou formalización de contrato.

### DÉCIMA: ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

A acreditación do coñecemento do idioma galego implicará a exención da necesidade de realización desta proba. Esta exención operará en caso de acreditar:

- a) Superación do curso de iniciación.
- b) Superación do curso de perfeccionamento.

En ámbolos dous casos acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais.

No caso de non ter acreditado o coñecemento do idioma galego nalgunha das formas sinaladas, levarase a cabo unha proba de carácter obrigatorio, que consistirá nun exercicio de traducción directa sen axuda de diccionario de dous textos elixidos polo tribunal, do idioma galego ao castelán e viceversa.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

Cualificarase de APTO ou NON APTO, non tendo dita proba carácter eliminatorio.

### UNDÉCIMA: RECURSOS.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos interesados/ as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1 a) da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes; da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

### **ANEXO I** **TEMARIO**

#### **PARTE XERAL**

- 1.- A Constitución española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.
- 2.- Principios de actuación da Administración Pública: Eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación.
- 3.- O procedemento administrativo. Concepto e fases: Inicación, ordanción, instrucción e terminación.
- 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadroamento.
- 5.- A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

#### **PARTE ESPECÍFICA**

- 1.- A Lei 13/2008, de 03 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Estrutura. Niveis de atención. Servizos Sociais Comunitarios Básicos. Servizos Sociais Comunitarios Específicos. Servizos Sociais Especializados. Equipo profesional de Servizos Sociais.
- 2.- O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento. Conceptos xerais.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

- 3.- A dependencia. A Lei 39/2006, de 14 de decembro. Sistema Galego de Atención á Dependencia. Requisitos xerais para o acceso ás prestacións e incompatibilidades, valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social e nos menores de 3 anos. PIA.
- 4.- La Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. Obxecto e natureza. Tipoloxía das axudas. Renda de Inclusión Social de Galicia.
- 5.- Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar de Galicia.
- 6.- Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (Decreto 15/2010, de 04 de febreiro, e Orde de 02 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 04 de febreiro, e as súas modificacións).
- 7.- Orde de 01 de abril de 2013, pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 8.- Servizos e prestacións do Sistema de Atención á Dependencia.
- 9.- Deontoloxía do Traballo Social. Código ético.
- 10.- Metodoloxía do Traballo Social. Concepto e fases do método básico.
- 11.- O Traballador/a Social na Planificación. Elaboración de Programas e Proxectos Sociais.
- 12.- Ferramentas informáticas para o Traballador/a Social: SIUSS, SIGAD e MATIASS. Concepto e finalidade.

### **ANEXO II** **MODELO DE INSTANCIA**

D./<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, e con  
enderezo en (Rúa/lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_  
(Municipio) \_\_\_\_\_ (Código postal) \_\_\_\_\_ (Teléfono)  
\_\_\_\_\_

**E X P Ó N :**

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a cobertura con carácter interino de unha praza de Traballador/a Social.

Manifesta que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da mesma.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 – Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

Que acompaña a seguinte documentación:

- DNI.
- Titulación que da acceso á participar na convocatoria.
- Currículum detallado.
- Documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego, no seu caso.
- Xustificación do pagamento da taxa.

Por todo iso,

**SOLICITA:**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia, e na súa virtude procedan a admitir ó/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia.

A Illa de Arousa, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA (PONTEVEDRA)**

**DILIXENCIA:** Esténdese a presente para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada en data 13 de novembro de 2014.

Na Illa de Arousa, a 13 de novembro de 2014.

**O SECRETARIO**

Fdo. Daniel Angel Lamas Bello